| Criterios Liña feminista Orde de bases | Puntuación-bases | Subcriterios | Puntuación | | Apartados formulario |
|---|---|---|---|---|---|
| **Descrición da intervención mencionando aspectos relevantes, tómase de referencia para a elaboración das fichas web.** | | | | | **Resumo do proxecto** |
| Pertinencia do proxecto baixo o enfoque feminista e de xénero, con especial concreción da análise integrada do contexto da desigualdade de xénero (desigualdades e discriminacións de xénero mais relevantes, necesidades prácticas e intereses estratéxicos de xénero dos colectivos destinatarios, acceso e control de recursos e beneficios, división sexual do traballo, interseccionalidades...) e do contexto de vulneración de dereitos, tamén diferenciado por xénero, no lugar de execución (análise do estado de dereito ou dereitos a priorizar, causas estruturais da súa vulneración, análises de brechas de capacidades por titularidades). | Máximo: 5 puntos | Descrición coherente e adecuada do contexto do proxecto en relación á desigualdade de xénero (desigualdades e discriminacións de xénero mais relevantes, necesidades prácticas e intereses estratéxicos de xénero dos colectivos destinatarios, acceso e control de recursos e beneficios, división sexual do traballo, interseccionalidades...) con datos obxectivos concretos e actualizados de fontes fiables. | 1,5 | 14 | Contexto e antecedentes do proxecto e caracterización do sector de intervención |
| | | Descrición coherente e adecuada do contexto do proxecto en relación á de vulneración de dereitos, que se queren traballar co proxecto, con datos obxectivos concretos e actualizados de fontes fiables. | 1,5 | | |
| | | Existencia dun diagnóstico, estudo, investigación, elaborado de xeito participativo, sobre a problemática a abordan, dende una perspectiva feminista, interseccional de xénero. | 1 | | |
| | | Condicionantes de acceso e seguridade, que limiten o contacto/traballo coa poboación destinataria. | 0,5 | | |
| | | Achega de árbore de problemas construído de xeito participativo. | 0,5 | | |
| Coherencia dos obxectivos e resultados coa problemática presentada, e a análise de alternativas realizada, tomando en consideración as causas estruturais da desigualdade entre homes e mulleres e que estean encamiñados a transformar as desigualdades existentes e mellorar o exercicio dos dereitos das mulleres. | Máximo: 5 puntos | Coherencia da ÁRBORE DE OBXECTIVOS cos problemas detectados e os resultados previstos. | 0,5 | | |
| | | Xustificación coherente da alternativa seleccionada, tomando en consideración as causas estruturais da desigualdade entre homes e mulleres | 1 | | Obxectivos, resultados e accións do proxecto- MATRIZ MARCO LÓGICO |
| | | Nexo lóxico e coherente entre os compoñentes da matriz. Correspondencia entre resultados e obxectivos. | 1 | | |
| | | Resultados concretos, factibles e tanxibles, axeitados á problemática e obxectivos expostos, tendo en conta o enfoque que vaise empregar no desenvolvemento do proxecto. | 1 | | Identificación dos problemas e necesidades que se pretenden abordar. Xustificación. |
| | | Indicadores cualitativos e cuantitativos de actividade, proceso e impacto obxectivamente verificables. | 1 | | |
| | | Identificación precisa de hipótesis e condicionantes e medidas axeitadas para o seu monitoreo. | 0,5 | | |
| Intervencións integradas en estratexias ou proxectos dos axentes con marcos de planificación a medio prazo ou que dean continuidade a intervencións previas, ou que sexan sinérxicas con outras intervencións no terreo.Valorarase xustificar axeitadamente a necesidade de continuidade, así como as sinerxías concretas establecidas | Máximo: 4 puntos | Explicación adecuada da estratexia ou marco de planificación no que se insire o proxecto e da contribución deste á mesma. | 1,25 | | |
| | | Análise da necesidade da continuidade. Valorarase contar cunha avaliación previa que recomende a devandita continuidade. | 1,5 | | |
| | | Utilidade e adecuación das sinerxias establecidas descritas adecuadamente. | 1,25 | | |
| | | Identificación, cuantificación e desagregación precisa da poboación que participa como destinataria directa e indirecta no proxecto, especificando o nº total e o % de infancia, muller, comunidade indíxena, etc. Valorarase traballar con grupos de mulleres organizadas | 1,5 | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Poboación destinataria: descrición precisa das persoas e/ou colectivos de mulleres destinatarias destinatarias, criterios de identificación e selección, grao de participación nas distintas fases do proxecto e mecanismos previstos para a súa apropiación. Valorase que a intervención vaia dirixida a colectivos de mulleres con dereitos potencialmente vulnerados, así como que estes colectivos teñan unha participación efectiva en todo o ciclo do proxecto. | Máximo: 5 puntos | Descrición axeitada da situación de partida e o tipo de beneficio ou mellora que obterán cada grupo de destinatarias co proxecto consonte as súas necesidades e aos antecedentes e problemática descritos | 1,5 | 6 | Descrición, criterios de identificación, selección e participación da poboación beneficiaria |
| | | Selección da poboación destinataria entre os colectivos de mulleres con dereitos potencialmente vulnerados. Identificación de líderes e lideresas de organizacións ou institucións da poboación destinataria e as contrapartes locais que permiten un maior achegamento, vinculación e participación das mulleres e nenas das comunidades. | 0,25 | | |
| | | Establecemento de criterios de selección e incorporación da poboación destinataria que asegure a súa participación en tódalas fases do proxecto asegurando o acceso a mulleres tendo en conta os diferentes tipos de participación. | 1 | | |
| | | Definición dos órganos, instancias ou espazos de dirección e xestión de proxectos nos que participa activamente as persoas destinatarias e as institucións involucradas no proxecto, tendo en conta o funcionamento e a funcionalidade. | 0,5 | | |
| | | Avaliación da poboación excluída ou perxudicada polo proxecto así como de fontes de conflito e oposición e medidas correctores empregadas no caso de existir. | 0,25 | | |
| Viabilidade do proxecto tendo en conta as políticas de apoio, aspectos institucionais, **aspectos socioculturais, factores de xénero,** factores tecnolóxicos, medioambientais e económico-financeiros | Máximo: 1 puntos | Aspectos socioculturais, con especial atención aos factores de xénero, indicando os aspectos que a nivel cultural garantirán a integración da acción dentro da comunidade, sinalando como se adapta ou trata de cambiar o modo de vida da poboación destinataria, os seus usos e costumes. | 1 | | |
| Accións que se van desenvolver, metodoloxías empregadas para fomentar a participación, a apropiación,o protagonismo das mulleres e/ou o fortalecemento das súas organizacións, das súas axendas e enfoques. Prazo de execución e coherencia na programación temporal | Máximo: 4 puntos. | Accións e metodoloxías de traballo previstas correctamente descritas na proposta (que se vai facer, como, con quen, cando e onde). Incorporando o traballo con titulares de dereitos, responsabilidades e obrigas, sempre que se poda ou establecendo de forma explícita a dificultado/imposibilidade. | 1,5 | 4 | Actividades e Cronograma |
| | | Accións previstas e as metodoloxías a empregar apropiadas, para fomentar a participación, a apropiación, o protagonismo das mulleres e/ou o fortalecemento das súas organizacións, ou das súas axendas ou enfoques a empregar. | 1,5 | | |
| | | Coherencia do cronograma coas accións propostas e co entorno do proxecto (clima, época de cultivo, ritmos do sistema educativo etc.) | 1 | | |
| Consideración das condicións previas necesarias para a posta en marcha do proxecto, adecuada definición de riscos, e das medidas de control establecidas de cara ao seu monitoreo e a súa mitigación. | Máximo: 3 puntos | Boa identificación e descripción dos riscos existentes | 1,5 | 3 | Condicións previas, riscos e medidas de control establecidas |
| | | Boa definición das medidas de control e monitoreo de cara á súa mitigación. | 1,5 | | |
| Aliñamento coas políticas do país de intervención e inserción do proxecto nas estratexias de planificación de desenvolvemento de carácter público, coa Plataforma de Acción de Beijing, coa CEDAW e coa resolución 1325 e posteriores do consello de seguridade da ONU relativos a mulleres, paz e seguridade | Máximo 3 puntos. | Proxecto enmarcado nas políticas do país receptor (Ámbito nacional, departamental local comunitario) con existencia de avais apoios expresos, autorizacións cartas de colaboración, cartas compromiso, acordos expresos de financiación con institucións, organismos, entidades que aporten maior garantía na execución do proxecto. | 1 | 4 | Complementariedade e sinerxias coa política da Cooperación Galega e Española e coas políticas públicas locais |
| | | Aliñamiento coa Plataforma de Acción de Beijing, coa CEDAW e coa resolución 1325 e posteriores, ademais doutras resolucións e convencións que favorecen a defensa dos dereitos das mulleres, ben explicado e xustificado | 2 | | |
| Viabilidade do proxecto tendo en conta as **políticas de apoio, aspectos institucionais,** aspectos socioculturais, factores de xénero**,** factores tecnolóxicos, medioambientais e económico-financeiros | Máximo 1 punto | Descrición adecuada da integración do proxecto no marco das políticas públicas no país receptor, tomando en conta en contextos favorables como o proxecto axuda no cumprimento destas políticas e o interese ou compromisos dos gobernos co proxecto; e en contextos desfavorables, xustificando a necesidade de intervención e especificando os apoios cos que se conta. | 1 | | |
| Contribución e complementariedade cos instrumentos de planificación da cooperación española | Máximo 1 punto | Proposta complementaria e sinérxica coas políticas da Cooperación Española , especialmente cos MAP e ACA no país de intervención. Adecuadamente descrito e contrastado. | 0,75 | 1 | Complementariedade e sinerxias coa política da |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| particularmente no caso dos MAP e dos ACA. | | Valoraráse contar con algún tipo de aval, apoio expreso, autorizacións, cartas de colaboración, cartas compromiso da AECID | 0,25 | | Cooperación Galega e Española e coas políticas públicas locais |
| Recursos humanos, técnicos e materiais suficientes e adecuados para acadar os obxectivos do proxecto.Valorarase achegar os CV do persoal vinculado así como xustificar a súa necesidade, e os TDR dos servizos planificados. | Máximo: 3 puntos | Adecuación dos RR.HH (contratado, voluntario ou de servizo técnico) para levar a cabo as accións previstas (nº, perfil profesional con especialidad en xénero, experiencia…). Valorarase contar con mulleres en postos de coordinación. | 1 | 4 | Recursos humanos, técnicos e materiais para a realización do proxecto. |
| | | Determinadas as funcións, dedicación e imputación temporal do persoal (contratado, voluntario e de asistencia técnica) que vai a executar o proxecto, así como as responsabilidades de cada un/a e das entidades participantes | 1 | | |
| | | Especificados os criterios de selección do persoal. No caso de persoal expatriado,xustificación da súa contratación. En relación aos servizos técnicos, constancia de TDR e proceso de selección- adxudicación No caso de contar xa con persoal contratado para a posta en marcha do proxecto, aportar o CV e xustifícar a súa ideoneidade | 1 | | |
| Viabilidade do proxecto tendo en conta as políticas de apoio, aspectos institucionais, aspectos socioculturais, factores de xénero**, factores tecnolóxicos, medioambientais e económico-financeiros** | Máxima 1 puntos. | Factores tecnolóxicos: analizar o aspecto de eventual dependencia tecnolóxica que se deriva da transferencia de equipos, a dispoñibilidade dos equipos (e os seus recambios) no mercado local, as medidas adoptadas para garantir a súa adaptación e mantemento no tempo. | 0,5 | | |
| | | Factores medioambientais: medidas adoptadas no marco da intervención que garantan a o coidado e protección do medio ambiente. | 0,5 | | |
| Seguimento e avaliación previstos (internos e externos) adaptados ao contexto da intervención e nos que participen os colectivos de mulleres protagonistas | Máximo 3 puntos | Establecemento dun sistema de seguimento periódico con mecanismos (Internos e externos) e de avaliación, que permita controlar as posibles desviacións, e no que participen, en contextos favorables os titulares de dereitos, obrigas e responsabilidades e sempre os colectivos de mulleres protagonistas | 1 | 3 | Seguimento e avaliación do proxecto |
| | | incorporación dunha liña de base que sirva de guía para coñecer os avances e impactos da intervención | 1 | | |
| | | Previsión de sistematización da experiencia ou da recompilación das boas prácticas. | 0,5 | | |
| | | Previsión e compromiso de presentación pública e difusión dos resultados da avaliación ante a poboación destinataria e autoridades implicadas na súa execución e outros axentes de interese. | 0,5 | | |
| Sustentabilidade: valorarase a incorporación de medidas que garantan o mantemento dos resultados e produtos mais alá do período de execución e financiamento, e a garantía de transferencia a unha Administración pública do país destinatario, a unha contraparte ou socia local ou á poboación destinataria dos inmobles e equipamentos financiados con cargo ao proxecto. | Máximo 2 puntos | Existencia dun plan de transferencia de responsabilidades, coñecementos, equipos, inmobles…que garanta a continuidade dos resultados do proxecto unha vez rematada a axuda externa e ou analizar en que medida a intervención xera algún tipo de ingresos que permitan cubrir os gastos de mantemento, sinalando se é o caso, se algunha entidade se atopa comprometida para a dotación de recursos. | 0,75 | 2 | Sustentabilidade do proxecto |
| | | Designación dun responsable que mire pola aplicación do plan de tranferencia e pola continuidade dos impactos do proxecto unha vez rematada a financiación. | 0,25 | | |
| | | Defínición do compromiso de implicación das institucións-entidades organizacións da zona/país e das destinatarias do proxecto unha vez rematada a axuda externa. Existencia dun convenio, acordo, carta, aval... no que se especifique o compromiso e asunción de responsabilidades para a continuidade dos resultados do proxecto, por parte de titulares de obrigas, responsabilidades ou dereitos, en contextos favorables. | 0,75 | | |
| | | Establecemento dun plan de peche ou saída, coherente e adecuado, ou xustificación da continuidade na zona do proxecto. | 0,25 | | |
| Contribución aos ODS e as súas metas, concretando o seu financiamento e valorando a existencia de mecanismos de coordinación e comunicación coas | Máximo 1 puntos | Proxecto enmarcado nalgunha das metas concretas dos ODS, e establecemento de métodos apropiados de medición | 0,25 | 1 | Adecuación e contribución aos |
| | | Cuantificación orzamentaria por meta | 0,25 | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| institucións e sistemas encargadas da súa medición e seguimento no país de intervención | | Establecemento de mecanismos de coordinación e comunicación coas institucións e sistemas encargadas da  medición da consecución das Metas dos ODS no país de intervención. | 0,5 | | ODS |
| Difusión do proxecto en Galicia | Máximo: 1 punto | Indicados de forma precisa das metodoloxías e mecanismos a empregar para levar a cabo a difusión do proxecto en Galicia (Que se vai facer, como, cando, obxectivos desta acción, metodoloxía, recursos, etc). | 0,75 | 1 | Mecanismos de difusión do proxecto en Galicia |
| | | Incorporación destes gastos na partida de custes indirectos | 0,25 | | |
| País prioritario para a Cooperación Galega, país PMA ou con IDH baixo | Máximo: 5 puntos | Execución do proxecto nalgún dos países prioritarios da CG, ou en país PMA ou con IDH baixo | 5 | 5 | Complementariedade e sinerxias coa política da Cooperación Galega e Española e coas políticas públicas locais |
| Acomodo ao AE 3. Impulsar a igualdade de xénero cun enfoque feminista interseccional e de diversidades, o apoderamento e o exercicio de dereitos das nenas, adolescentes e mulleres e o fortalecemento das súas organizacións. A través da posta en marcha de proxectos que: | | | | 5 | |
| Melloren a autonomía e desenvolvemento persoal, laboral, político e social das mulleres. | Máximo 5 puntos | | 5 | | |
| Fortalezan o movemento feminista e as organizacións de mulleres e o cumprimento das súas axendas e estratexias. | | | | | |
| Cuestionen e dean resposta a relacións de poder desiguais entre homes e mulleres. | | | | | |
| Plantean cambios no acceso e control dos recursos e no poder de toma de decisións | | | | | |
| Fagan visíbeis alternativas que poñen no centro a sostenibilidade da vida, o dereito ao coidado e ao autocoidado | | | | | |
| Encamiñados a erradicar a violencia contra as mulleres | | | | | |
| Buscan acabar con prácticas que prexudican e discriminan ás mulleres (como a mutilación xenital, as unións matrimoniais temperás...). | | | | | |
| Cuestionen as estruturas globais de iniquidade e os modelos baseados na explotación e a desigualdade. | | | | | |
| Financiamento: coherencia das partidas orzamentarias cos obxectivos, resultados, ou productos do proxecto, tendo en conta o contexto de intervención.Valorarase a achega de proformas ou táboas de prezos que permitan contrastar importes | Máximo: 4 puntos | Elaboración dun orzamento detallado e coherente  que respete os límites das partidas establecidos na convocatoria. Razoable a relación entre o custo do proxecto e os resultados logrados, e coas actividades deseñadas | 1 | 4 | Financiamento do proxecto |
| | | Descrición do orzamento ten o detalle necesario para coñecer o que se vai a facer e para facer un seguimento adecuado das desviacións que se poidan dar no mesmo | 1 | | Orzamento xeral |
| | | Identificación as distintas vías de financiación e están suficientemente acreditados. | 0,5 | | Cadro de financiamento |
| | | orzamento con enfoque de xénero que incorpora gastos para satisfacer as necesidades prácticas e estratéxicas de mulleres e nenas, e que contribúe a pechar a brecha de xénero; | 1 | | Desagregación de custos directos e indirectos<br>Desagregación outros |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | Valoración adecuada das achegas en especie con explicación clara e coherente do seu cálculo. Para os custes financeiros, valorarase contar con proformas que permitan coñecer o valor de mercado no país de intervención. | 0,5 | | Compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación |
| Experiencia relevante en accións no marco do feminismo, a igualdade de xénero e dereitos humanos das mulleres (no sector de actuación do proxecto e no país, zona, comunidade onde se vai executar, coa mesma socia local ou poboación destinataria) suficientemente descrita nas carpetas 1 e 3, para os obxectivos e características do proxecto. | Máximo: 5 puntos. | experiencia relevante en accións no marco do feminismo, a igualdade de xénero e dereitos humanos das mulleres (de 0-5 anos, 0,5) (de mais de 5 anos 1punto) | 1 | 18 | Experiencia e capacidade de xestión da entidade solicitante |
| | | experiencia proxectos no marco do feminismo, a igualdade de xénero e dereitos humanos das mulleres, no mesmo país (de 0-5 anos, 0,5) (de mais de 5 anos 1punto) | 1 | | |
| | | experiencia proxectos no marco do feminismo, a igualdade de xénero e dereitos humanos das mulleres , na mesma zona intervención (de 0-5 anos, 0,5) (de mais de 5 anos 1punto) | 1 | | |
| | | experiencia no marco do feminismo, a igualdade de xénero e dereitos humanos das mulleres, no mesmo sector intervención (de 0-5 anos, 0,5) (de mais de 5 anos 1punto) | 1 | | |
| | | experiencia de intervención no marco do feminismo, a igualdade de xénero e dereitos humanos das mulleres coa mesma socia local (de 0-5 anos, 0,5) (de mais de 5 anos 1punto | 1 | | |
| Capacidade de execución do proxecto pola entidade (xestión, recursos humanos capacitados para desenvolver o seu traballo con perspectiva de xénero, presencia de mulleres nos órganos directivos da entidade, política de xénero, traxectoria no marco do feminismo, igualdade de xénero e dereitos humanos das mulleres). | Máximo: 5 puntos. | valoración da presencia e capacidade instalada da organización en España, Galicia e terreo | 1 | | |
| | | valoración dos Recursos humanos (nº, perfís especializados en xénero e feminismo, tipos contrato e políticas de igualdade) | 1 | | |
| | | valoración da política de igualdade da entidade e das medidas para cumplila, aportando documentación que o sustente | 1 | | |
| | | valoración da capacidade de xestión de proxectos de similar contía ou superior | 1 | | |
| | | valoración de capacidade de diversificación de fondos | 1 | | |
| Estratexia e compromiso institucional co enfoque feminista, interseccional e de xénero. Valorarase contar con plans estratéxicos de xénero, plans de igualdade, política de xénero… | Máximo: 3 puntos. | a) Estratexia, propia da sede ou delegación en Galicia, que incorpore de maneira clara e visible, o compromiso institucional co enfoque feminista e de xénero, e na que se insire este proxecto: | 1 | | |
| | | b) Estratexia, xeral da entidade, que incorpore de maneira clara e visible, o compromiso institucional co enfoque feminista e de xénero, na que se insire este proxecto | 1 | | |
| | | c) Estratexia exclusiva de xénero e incorporación do enfoque feminista | 1 | | |
| Alianzas estratéxicas e participación activa en movementos e redes (locais, nacionais ou internacionais) feministas, de igualdade de xénero e defensa dos dereitos das mulleres, adecuadamente acreditada. | Máximo: 3 puntos | nomean e acreditan pertenza a mais dunha rede/ movementofeministas, de igualdade de xénero e defensa dos dereitos das mulleres. | 1,5 | | |
| | | establécese como a pertenza á rede/ movemento axuda na implementación da proposta e achegan compromiso de apoio ao mesmo | 1,5 | | |
| Contribución da entidade solicitante ao fomento do sector galego de cooperación (valorándose o traballo e a presenza en Galicia, a acreditación da participación en redes, o acomodo ás liñas estratéxicas da cooperación) | Máximo: 2 puntos. | 4.1. Traballo e presenza en Galicia (valorar a base social e o traballo da entidade na CCAA) | 0,5 | | |
| | | 4.2. Participación en redes galegas (valorar a participación activa nas mesmas e se axudan na posta en marcha do proxecto ou na súa visibilidade- incidencia) | 1 | | |
| | | 4.3 Acomodo a liñas estratéxicas da cooperación galega | 0,5 | | |
| Presentación da proposta en agrupación de entidades. Terase en conta o valor engadido da agrupación ao proxecto, así como o reparto coherente e xustificado da participación de cada unha das entidades agrupadas. | Máxima 2 puntos. | A) Valor engadido da agrupación ao proxecto;complementariedades, interaccións, sinerxías que se queren acadar na actuación conxunta; e durabilidade da agrupación. | 1 | 2 | Compromisos de execución asumidos por cada entidade solicitante |
| | | B) Grao de participación de cada unha delas na xestión financeira da proposta. Xustificación e coherencia do reparto. | 0,5 | | |
| | | C) Grao de participación de cada unha delas na execución das actividades que se van desenvolver. Xustificación e coherencia do reparto. | 0,5 | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Achega financeira da entidade solicitante ao proxecto, tanto no referido a fondos propios como obtidos doutros financiadores . Esta deberá ser dun mínimo do 5% para ser puntuada e non se valorarán as achegas en especie ou valorizados | Máximo: 1 punto. | valorarase tanto a achega (financeira non valorizada) propia como a capacidade de captación doutros aportes ao proxecto | 1 | 1 | Orzamento |
| Experiencia de traballo no marco do feminismo, a igualdade de xénero e dereitos humanos das mulleres (no sector de actuación do proxecto e no país, zona, comunidade onde se vai executar, coa mesma socia ou poboación destinataria) suficientemente descrita nas carpetas 2 e 3, para os obxectivos e características do proxecto | Máximo 5 puntos | experiencia proxectos no marco do feminismo, a igualdade de xénero e dereitos humanos das mulleres, na mesma zona intervención (de 0-5 anos, 0,5) (de mais de 5 anos 1punto) | 2 | 21 | Extratexia e capacidade de xestión do socio local |
| | | experiencia no marco do feminismo, a igualdade de xénero e dereitos humanos das mulleres, no mesmo sector intervención (de 0-5 anos, 0,5) (de mais de 5 anos 1punto) | 2 | | |
| | | experiencia de intervención coa mesma poboación destinatariano, no marco do feminismo, a igualdade de xénero e dereitos humanos das mulleres (sobre todo no caso dos titulares de obrigas e de dereitos, en contextos favorables (de 0-5 anos, 0,5) (de mais de 5 anos 1punto | 1 | | |
| Capacidade de execución do proxecto pola entidade (xestión, recursos humanos capacitados para desenvolver o seu traballo con perspectiva de xénero, presencia de mulleres nos órganos directivos da entidade, política de xénero, traxectoria no marco do feminismo, igualdade de xénero e dereitos humanos das mulleres | Máximo 5 puntos | valoración da presencia e capacidade instalada da organización na zona de intervención | 1,5 | | |
| | | valoración dos Recursos humanos (nº, perfís especializados en xénero e feminismo, tipos contrato e políticas de igualdade) | 1 | | |
| | | valoración da política de igualdade da entidade e das medidas para cumplila, aportando documentación que o sustente | 1,5 | | |
| | | valoración da capacidade de xestión de proxectos de similar contía ou superior | 1 | | |
| Estratexia e compromiso institucional co enfoque feminista e de xénero. Valorarase contar con plans estratéxicos de xénero, plans de igualdade, política de xénero... | Máximo: 4 puntos. | a) Estratexia, xeral da entidade, que incorpore de maneira clara e visible, o compromiso institucional co enfoque feminista e de xénero, na que se insire este proxecto | 2 | | |
| | | b) Estratexia exclusiva de xénero e incorporación do enfoque feminista | 2 | | |
| Participación en redes, foros, movementos, espazos locais ou internacionais de igualdade de xénero e defensa dos dereitos das mulleres, adecuadamente acreditada. | Máximo: 4 puntos. | nomean e acreditan pertenza a mais dunha rede/ movementofeministas, de igualdade de xénero e defensa dos dereitos das mulleres. | 2 | | |
| | | establécese como a pertenza á rede/ movemento axuda na implementación da proposta e achegan compromiso de apoio ao mesmo | 2 | | |
| Participación no proxecto xunto a outras organizacións ou institucións locais, nacionais e/ou internacionais, que garantan unha mellor execución da proposta, especialmente no caso dos titulares de obrigas e responsabilidades naqueles contextos nos que se poda traballar conxuntamente. Valorarase a existencia de convenios de colaboración ou compromisos de participación. | Máximo: 3 puntos | listado e/ou mapa de actores participantes no proxecto, no que se especifique o rol ou papel de cada un. | 0,5 | | |
| | | Existencia de convenios de colaboración, cartas apoio, compromisos de participación xenéricos con estas outras entidades participantes, fundamentalmente no caso de titulares de obrigas e responsabilidades, en contextos favorables | 1 | | |
| | | Existencia de convenios de colaboración, cartas de apoio, ou outros, que recollan compromisos concretos e tareas específicas no proxecto con outras entidades participantes, fundamentalmente no caso de titulares de obrigas e responsabilidades, en contextos favorables | 1,5 | | |
| Achega financeira do socio local ao proxecto. Esta deberá ser dun mínimo do 5% para ser puntuada e non se valorarán as achegas en especie ou valorizados. | Máximo: 1 puntos. | valorarase tanto a achega (financeira no valorizada) propia como a capacidade de captación doutros aportes ao proxecto | 1 | 1 | Orzamento |
| | | | 100 | 100 | |